

Primeira Asemblea Nacionalista, Lugo 1918. Convocada polas Irmandades da Fala, nesta xuntanza formúlase por primeira vez o programa do nacionalismo galego. Na foto distínguese a A. Losada Diéguez, V. Risco e A. Villar Ponte, entre outros



Homenaxe a Castelao en Lugo, 19 de xuño de 1932. Porta a bandeira o filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa. Piñeiro participou neste acto, xunto a Ánxel Fole. Á dereita, Castelao agradecendo a homenaxe, escoltado polos deputados galeguistas Otero Pedrayo, Villar Ponte e Suárez Picallo. A través da súa militancia política, Piñeiro tivo un contacto estreito con Otero Pedrayo, Castelao e Alexandre Bóveda



A comezos do século XX, o pulo renovador da cultura galega que supuxeran o **Rexurdimento** de finais do XIX e o conseguinte movemento rexionalista, en terreos tales como a lingua, a historia e a mobilización cívica, estaba practicamente esgotado.



A primeira páxina de *El Pueblo Gallego* do 15 de abril de 1931, salientaba a proclamación da República. Ramón Piñeiro comezou a contactar coas ideas do galeguismo e co galego escrito a través das páxinas deste diario, especialmente polos artigos de Otero Pedrayo (*El Pueblo Gallego*, 15-IV-1931)

En 1916 xorde unha iniciativa que marcará o comezo dun novo roteiro: as **Irmandades da Fala**, unha rede de asociacións cívicas que defenden a normalización da lingua galega mediante o seu uso nos actos públicos e o seu cultivo na literatura e na prensa.

A partir do camiño iniciado polas Irmandades aparece o nacionalismo galego, que terá a súa expresión política máis lograda no **Partido Galeguista** e, ao tempo, desenvólvese un amplo proceso de modernización da cultura galega, expresada no idioma do país.

A revista *Nós* (1920-36), dirixida por V. Risco, foi o principal órgano de expresión cultural do galeguismo. *A Nosa Terra*, primeiro voceiro das Irmandades da Fala, e posteriormente do Partido Galeguista, tiña un carácter máis político e divulgativo. Piñeiro era lector asiduo de ambas dúas publicacións



Algúns dos elementos fundamentais dese proceso son: o voceiro das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra*; diarios de maior difusión como *El Pueblo Gallego* (1923-36); a editorial e a revista *Nós* (1920-36); e institucións como o **Seminario de Estudos Galegos** (1923-36).

As Mocidades Galeguistas (1932-36) eran a rama xuvenil do Partido, e nelas militou activamente Piñeiro nos anos 1933-36



O Partido Galeguista (fundado en 1931), foi o principal impulsor do proceso autonómico galego, que arrincou en 1932 e culminou coa aprobación en plebiscito do **Estatuto de Autonomía de Galicia** o 28 de xuño de 1936.

Ramón Piñeiro naceu o 31 de maio de 1915 no lugar de **Armea de Abaixo** (parroquia de Lama, concello de Láncara). A súa familia tiña unha posición social modesta, de maneira que Ramón tivo a infancia típica dun neno labrego, pero ao mesmo tempo os seus pais gozaban de certa cultura, o que lle permitiu aprender a ler e escribir moi noviño.

Aos seis anos comezou a ir á escola, onde levou a desagradable sorpresa de que o mestre falaba unha lingua diferente á súa e á dos seus compañeiros.

Aos sete anos viaxa co seu pai a Lugo e descobre abraiado a luz eléctrica e o tren. En 1924 instálase na capital da provincia para cursar o bacharelato elemental.

En 1929 regresa á aldea, onde permanecerá ata 1931. Nela retoma o contacto coa vida campesíña: o que máis lle agradaba era levar as vacas ao monte, pois alí aproveitaba para ler, unha afección que tomara nos anos do Instituto.



Vicenta López Fernández, a nai de Ramón, tivera que emigrar dous anos a Buenos Aires, para recadar cartos que lle permitisen acabar de construír a casa familiar



Salvador Piñeiro García, pai de Ramón. Metido en negocios de pequeno comercio, estivera emigrado en Madrid, adquirira unha certa cultura e entrara en contacto con círculos liberais



Casa familiar de Salvador Piñeiro e Vicenta López, en Armea (Láncara-Lugo). Ramón Piñeiro viviu nela ata os nove anos, e entre os catorce e os dezaseis

“ O choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante falaba en castelán dentro e fóra da escola, coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. A utilización ríxida dunha lingua distinta á nosa, dunha lingua que *excluía* a nosa, dáballe unha autoridade estraña, que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a *autoridade persoal* do mestre trataba de establecer a nosa *inferioridade colectiva*.



Ramón Piñeiro, de neno. Retraído e pensativo, colaboraba nas tarefas agrícolas e no coidado do gando, coma a maioría dos rapaces do campo

Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro co seu grupo do Instituto de Lugo (entre 1924-29). Piñeiro viviu en Lugo coa súa nai e a súa irmá maior, mentres cursaba o bacharelato elemental no instituto da capital provincial

